



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

ANUNCIO

Aprobación definitiva da modificación da Base 41 de Execución do Orzamento relativa a subvencións.

O Pleno do Concello de Betanzos, na sesión ordinaria do 27 de maio de 2025, aprobou inicialmente o expediente de modificación da base 41ª apartado 5 das de execución do orzamento do exercicio 2024 prorrogado ao exercicio 2025 (Expediente: 2025/T004/000003).

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de data 27 de maio de 2025, sobre o expediente de Modificación Bases de Execución do Orzamento do 2024 relativa ás subvencións nominativas 2025.

Conforme ao artigo 169.3 do citado Texto Refundido e ao artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, publícase o tenor literal do acordo inicial adoptado elevado automaticamente a definitivo, no que se contén o texto íntegro da modificación:

“No orzamento ao que se refiren estas bases terase dotado os créditos orzamentarios para atender as subvencións que se detallan no seguinte cadro, cuxa concesión directa deberá tramitarse conforme ao previso nestas bases. Establécese como subvencións nominativas as seguintes:

APLICACIÓN	NIF	NOME	OBXECTO	2025
326/482.00	G70595780	Asociación Cultural y Deportiva Concilia	Actividades educativas e extraescolares no 2025	11.000,00 €
334/482.00	G15600976	Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea	Promoción e difusión das artes plásticas e o arte gráfico no 2025	20.000,00 €
433/482.00	G15153869	Asociación de Comercios e Empresarios de Betanzos, Centro Comercial Aberto	Funcionamento da entidade e promoción e dinamización comercial durante o 2025	14.000,00 €

En calquera caso, a dotación orzamentaria constitúe unha mera previsión e non supón compromiso municipal esixible polas entidades citadas nin comporta dereito subxectivo algún.”

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, por remisión do artigo 177.2, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo,



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

Reguladora da devandita Xurisdición. Sen prexuízo diso, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

En cumprimento do establecido no artigo 7.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o texto íntegro da modificación orzamentaria pode consultarse no Taboleiro de anuncios do Concello de Betanzos dende o 3 de xuño de 2025.

O que se fai público para xeral coñecemento

Betanzos, na data que figura na marxe

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

María Barral Varela